



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

ACTA DA MESA CONTRATACIÓN NO PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEATONAL A LINGUNDE FASE I”, FINANCIADAS POR POS+2022.

EXPTE.: 2022/C003/000002

LUGAR: Casa do Concello, Camariñas

DATA: 26/09/2022

Sendo as 13:00 constitúese a Mesa de Contratación, cuxa composición se deriva do decreto da Alcaldía de data 24 de agosto de 2022, estando presentes os seguintes membros:

Presidente:

D. Sergio Caamaño Fernández, Concelleiro delegado.

Vogais:

D^a M^a Lourdes Castro Pena, Secretaria da Corporación.

D^a María Emilia García Maneiro, Interventora da Corporación.

Secretario suplente:

D^a. Begoña Romero Suárez, funcionario administrativo adscrito á Secretaría.

É obxecto da reunión, e de conformidade coa orde do día da convocatoria, a apertura, a cualificación e no seu caso valoración do sobre único (arquivo) denominado "SOBRE C: Oferta económica e referencias valorables automaticamente" presentado polos licitadores que optan á contratación mediante procedemento aberto super simplificado das obras ás que se refire o proxecto denominado “**CONSTRUCCIÓN DUNHA SENDA PEATONAL A LINGUNDE FASE I**”, incluída no POS+ 2022 da Deputación Provincial, así como a adopción dos acordos que procedan.

Dada a presenza do presidente como do secretario da mesa, así como das dúas vogais, considéranse cumpridos os requisitos para a válida constitución e actuación da Mesa de Contratación, polo que se procede de conformidade co seguinte:

ORDE DO DÍA:

1º.- ACTO DE APERTURA OFERTA CRITERIOS CUANTIFICABLES AUTOMÁTICAMENTE (ART. 159 LCSP).

Na Plataforma de Contratos del Sector Público conséntase que se presentaron ao procedemento os seguintes licitadores:

LICITADORES	NÚM. IDENTIFIC.
JOSÉ MANUEL SOTO FIDALGO	32771076D
EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.	B15122104
CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L.	B15209794
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	B15293145
MANTIDO, S.L.	B15819642
CONSTRUC. Y EXCAVACIONES GERMAN MOUZO, S.L.	B15832553
SYR-AMG, S.L.	B15938780
CYMCO GALICIA, S.L.	B15961345
AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L.	B70311188

Seguidamente realízase o descifrado e apertura dos sobres/ “arquivos” presentados, procedéndose á súa descarga e a dar lectura ás ofertas presentadas.



CONCELLO DE CAMARIÑAS

A CORUÑA

Acto seguido, accédese na plataforma ás pestanas, “validación”, “datos xerais” e “contido requisitos” e se realizan as oportunas comprobacións/valoración destas pestanas e da documentación administrativa previamente descargada. Así mesmo se procede a comprobar a inscrición das empresas no ROLECE e no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia.

Así pois, resultando todo conforme (documentación presentada, as citadas pestanas e a inscrición no ROLECE e no Rexistro de Contratistas da Xunta de Galicia), a mesa de contratación en desempeño das funcións que lle atribúe a LCSP, por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto, ACORDA:

Único: Admitir a todos os licitadores presentados de acordo co seguinte resultado:

LICITADORES	CALIFICACIÓN/ESTADO LICITADOR
JOSÉ MANUEL SOTO FIDALGO	CUMPRE/ADMITIDO
EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.	CUMPRE/ADMITIDO
CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L.	CUMPRE/ADMITIDO
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	CUMPRE/ADMITIDO
MANTIDO, S.L.	CUMPRE/ADMITIDO
CONSTRUC. Y EXCAVACIONES GERMAN MOUZO, S.L.	CUMPRE/ADMITIDO
SYR-AMG, S.L.	CUMPRE/ADMITIDO
CYMCO GALICIA, S.L.	CUMPRE/ADMITIDO
AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L.	CUMPRE/ADMITIDO

Polo que se refire aos criterios de adxudicación (prezo) na documentación descargada á que se fixo antes referencia, consta o seguinte:

LICITADORES	OFERTA ECONÓMICA (sen IVE)
JOSÉ MANUEL SOTO FIDALGO	56.826,82 €
EXCAVACIONES CERNADAS VALIÑA, S.L.	58.781,26 €
CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L.	56.014,89 €
CONSTRUCCIONES PONCIANO NIETO, S.L.	59.219,52 €
MANTIDO, S.L.	57.756,65 €
CONSTRUC. Y EXCAVACIONES GERMAN MOUZO, S.L.	56.600,00 €
SYR-AMG, S.L.	57.744,43 €
CYMCO GALICIA, S.L.	59.225,45 €
AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L.	56.485,61 €

Acto seguido a Mesa de contratación procede á realización das seguintes actuacións:

2º.- ACTO DE VALORACIÓN OFERTA CRITERIOS CUANTIFICABLES AUTOMÁTICAMENTE (ART. 159 LCSP).

Para os efectos de proceder á valoración dos criterios cuantificables automaticamente e proceder de conformidade coa cláusula 15.4.1 do prego que rexe a contratación, accédese na plataforma á pestana “contido criterios”, comprobándose, tal e como se configurou a licitación, que os licitadores non introduciron ningún outro valor relativo aos criterios de adxudicación, realizándose ademais as restantes operacións/actuacións esixidas pola plataforma neste acto e neste momento.

Así á vista do anteriormente exposto a mesa de contratación procede a realizar a seguinte actuación:



2º.1.- COMPROBACIÓN DA POSIBLE EXISTENCIA DE OFERTAS ECONÓMICAS ANORMALMENTE BAIXAS E ADOPCIÓN DOS ACORDOS QUE PROCEDAN.

Vistas as ofertas económicas presentadas polos licitadores compróbase que as ofertas económicas presentadas polos licitadores AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L., CONSTRUCCIONES Y EXCAVACIONES GERMAN MOUZO, S.L., CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L. e JOSÉ MANUEL SOTO FIDALGO atópanse incursas en presunción de anormalidade, oferta anormalmente baixa, de conformidade co disposto na cláusula 15.4.2 do prego que rexe a contratación e os arts. 149 e 159 da LCSP; tívose en conta para os efectos do previsto no art. 149.4 da LCSP que as empresas CONSTRUCCIONES D. OGANDO, S.L. e AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS, S.L. atópanse vinculadas/que pertencen a un mesmo grupo.

Visto o establecido nos arts. 149 e 159 da LCSP e a cláusula 15.4.1 do prego que rexe a contratación, a mesa de contratación en desempeño das funcións que lle atribúe a citada lei, por unanimidade dos membros presentes con dereito a voto, ACORDA:

Único.- Comunicar aos licitadores JOSÉ MANUEL SOTO FIDALGO, CONSTRUCCIONES Y EXCAVACIONES GERMAN MOUZO S.L., AQUABLUE SISTEMAS CONSTRUCTIVOS S.L. e CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L. que as súas ofertas económicas están incursas en presunción de anormalidade concedéndolles **un prazo de cinco días hábiles**, para que xustifiquen ditas ofertas, acompañando a documentación á que se refire a cláusula 15.4.4. do prego que rexe a contratación.

E non sendo outro o obxecto da reunión, seguidamente redáctase a presente acta, dándose lectura á mesma ante os membros da Mesa de Contratación sen que se realice ningunha observación, polo que se autoriza esta con a firma da secretaría do órgano e o visto e prace da presidencia, dando esta última por finalizada a sesión.

Vº e Prace,
O PRESIDENTE,
D. Sergio Caamaño Fernández

A SECRETARIA SUPLENTE,
Dª. Begoña Romero Suárez